

REGULAMENTO DOS PROGRAMAS DE GRAOS ABERTOS NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (Aprobado en Consello de Goberno do 05/06/2024)

A Universidade da Coruña (UDC), no seu obxectivo de ofrecer alternativas de formación que melloren a oferta dispoñible, posibilita que o estudantado poida iniciar os seus estudos universitarios sen necesidade de decidir inmediatamente que grao cursar, mediante a proposta de programas de grao aberto.

No presente regulamento recóllense as condicións nas que o estudantado poderá realizar os graos abertos.

Artigo 1. Obxecto e fins dos graos abertos

1. Este regulamento establece o réxime de impartición dos graos abertos na UDC.
2. Os graos abertos permiten ao estudantado iniciar os seus estudos universitarios sen ter decidido o grao a cursar, de xeito que pode escoller libremente materias de diferentes graos durante o primeiro curso académico e decidir ao seu remate o seu grao de destino.
3. Así mesmo, os graos abertos permiten ao estudantado enriquecer a transversalidade do seu currículo académico, adquirindo coñecementos e competencias dos diferentes graos que forman o programa de grao aberto unha vez que acceden ao grao de destino, a través dun programa de formación complementaria.

Artigo 2. Duración do programa

O programa terá unha duración dun curso académico, logo do cal o alumnado poderá optar por un grao de destino entre aqueles que forman o programa, coas limitacións establecidas no artigo 10 deste regulamento.

Artigo 3. Centro responsable das xestións administrativas dos Graos Abertos

1. Co fin de facilitar as distintas xestións académicas e administrativas, designarase un centro responsable da tramitación e custodia do expediente académico do alumnado.
2. No momento que o/a alumno/a opte polo grao de destino o expediente académico trasladarase ao centro responsable do grao definitivo, no seu caso.

Artigo 4. Centros de impartición do ensino

1. A impartición das materias escollidas polo estudantado terá lugar no centro que corresponder segundo as disciplinas que seleccione.
2. O alumnado incorporarase aos grupos ordinarios de cada grao escollido. Porén, constituirá un grupo propio nas actas oficiais de cualificacións.

| Código Seguro De Verificación | HRb/xruT/+czWxQmAcMEyw== | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por | Secretaría Xeral - Marta María García Pérez | Asinado | 07/06/2024 10:47:36 |
| Observacións | | Páxina | 1/5 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/HRb/xruT/+czWxQmAcMEyw== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |



Artigo 5. Órganos de supervisión académica

1. O centro responsable contará cun/cunha coordinador/a de programa que será a persoa de referencia para clarear calquera dúbida e propoñer as melloras que deriven das observacións e suxestións do alumnado. Baixo a súa dirección estará o/a titor/a académico/a.
2. En cada centro das titulacións que forman os programas haberá unha persoa responsable do grao aberto.
3. Cada estudante contará co asesoramento e orientación dun/dunha titor/a académico/a ao longo do programa, ata a elección do grao de destino.
4. A Comisión Académica de cada programa avaliará os resultados obtidos no curso anterior e a planificación do curso seguinte.
5. Formarán parte da Comisión Académica, cando menos:
 - a) O/A coordinador/a do programa
 - b) Un representante do equipo decanal/de dirección do centro responsable do programa
 - c) As persoas responsables do programa en cada un dos centros que forman o programa.
 - d) Unha persoa representante do estudantado.
 - e) A persoa responsable administrativa do programa na administración do centro/unidade de xestión académica integrada

A Comisión Académica terá, cando menos, unha reunión anual para a avaliación dos resultados obtidos no curso anterior, a planificación do curso seguinte e a asignación de titores/as académicos/as.

6. A Comisión de Garantía de Calidade será a responsable do seguimento dos resultados e a evolución do programa de grao aberto.

A Comisión Académica elaborará anualmente un informe de seguimento para lle remitir á Comisión de Garantía de Calidade. Deste informe emanarán as accións correctivas e propostas de mellora que permitan alcanzar os obxectivos previstos e a mellora do programa.

Artigo 6. Plan de estudos

1. O estudantado seguirá o plan de estudos no grao aberto segundo o que se determine no programa escollido.
2. O plan de estudos pode ser pechado ou aberto.

No plan de estudos pechado, o alumnado deberá cursar todas as materias do primeiro curso, 60 créditos ECTS, correspondentes a todos os graos integrados no programa.

No plan de estudos aberto, o estudantado deberá cursar 30 créditos ECTS en cada cuadrimestre, correspondentes a materias de, como mínimo, dous graos do programa. Non se fixa un número mínimo nin máximo de ECTS para cursar nos diferentes graos incluídos no programa, senón que o estudantado e o/a titor/a académico/a consensuarán e asinarán un contrato de estudos coas materias seleccionadas para asegurar que o estudantado recibe o asesoramento adecuado. Non se poderán cursar dúas materias que sexan recoñecidas entre si nos diferentes graos.

| Código Seguro De Verificación | HRb/xruT/+czWxQmAcMEyw== | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por | Secretaría Xeral - Marta María García Pérez | Asinado | 07/06/2024 10:47:36 |
| Observacións | | Páxina | 2/5 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/HRb/xruT/+czWxQmAcMEyw== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |



3. Todas as materias incluídas no grao aberto son de formación básica ou obrigatoria nos seus respectivos graos.

4. As características do plan de estudos do grao aberto, entre as que se encontrarán a súa descrición e a táboa de recoñecementos nos graos de destino, serán aprobadas por resolución reitoral.

Artigo 7. Número de prazas

O número de prazas ofertado para o estudantado de novo ingreso será aprobado polo Consello de Goberno, de conformidade coa normativa vixente.

Artigo 8. Admisión e matrícula

1. A solicitude de admisión para cursar un programa realizarase polo mesmo procedemento que para o resto de titulacións ofertadas pola UDC. Para ser admitido no programa, o alumnado deberá contar cunha nota que será, como mínimo, igual á máis alta de todas as titulacións de grao integradas no programa no curso académico anterior ao solicitado.

2. O estudantado admitido por primeira vez deberá cursar en réxime de dedicación a tempo completo 60 créditos ECTS.

3. No momento de ser convocado, o alumnado matricularase dunha materia xenérica de 30 créditos ECTS en cada cuatrimestre.

4. Unha vez seleccionadas as materias, e antes do comezo das aulas, o alumnado solicitará no centro responsable a asignación no seu expediente das ditas materias. Para estes efectos, a carga lectiva de créditos terá que ser equilibrada en cada cuatrimestre.

5. Non será posible facer matrícula de continuación de estudos. Ao finalizar o curso académico o alumnado deberá seleccionar un grao de destino.

Artigo 9. Titorización do estudantado

1. Despois da formalización de matrícula no grao aberto e antes do comezo das aulas, o estudantado será convocado a unhas sesións de benvida específicas para o grao. Nestas sesións, a persoa coordinadora do programa comunicará ao estudantado a identidade do/da titor/a académico/a que o/a asesorará canto ás opcións e orientación do seu proxecto académico dentro do grao aberto.

2. O/a titor/a académico/a manterá un mínimo de tres entrevistas durante o curso académico: a primeira entrevista, para a selección de materias que cursará o estudantado, de ser o caso, para a orientación en canto á elección de grupos/horarios e para a planificación xeral do estudo; a segunda entrevista, ao final do primeiro cuatrimestre, para valorar a evolución do estudantado, detectar posibles problemas, e orientar o estudo no segundo cuatrimestre; a terceira entrevista, ao finalizar o curso académico, previa á elección do grao de destino polo alumnado, para valorar a súa evolución e asesoralo.

| Código Seguro De Verificación | HRb/xruT/+czWxQmAcMEyw== | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por | Secretaría Xeral - Marta María García Pérez | Asinado | 07/06/2024 10:47:36 |
| Observacións | | Páxina | 3/5 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/HRb/xruT/+czWxQmAcMEyw== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |



Artigo 10. Permanencia

1. O alumnado deberá superar no curso académico o número mínimo de créditos que establece a normativa de aplicación.
2. Cando o centro conceda a autorización, indicarse ao/á alumno/a os requisitos de permanencia que terá que cumprir no curso académico que se matricule.

Artigo 11. Acceso ao grao de destino e recoñecemento de créditos

1. Unha vez finalizado o programa, o estudantado poderá escoller calquera dos graos que forman o programa-
2. No caso de que o alumnado non acredite unha nota de admisión igual ou superior a ningún dos graos do programa, unicamente será admitido no grao con menor nota de admisión.
3. O alumnado poderá solicitar, gratuitamente, o recoñecemento dos créditos das materias superadas segundo o procedemento establecido no programa cursado. A solicitude presentarse na administración do centro do grao de destino e resolverase polo decanato ou dirección.

Artigo 12. Programa de formación complementaria nos programas de grao aberto

1. O Programa de formación complementaria está dirixido a favorecer a transversalidade dos currículo do alumnado de graos abertos, permitindo que poida seguir adquirindo coñecementos e competencias dos diferentes graos que forman o programa de grao aberto unha vez que acceda ao grao de destino.
2. Para participar no Programa de Formación Complementaria, o estudantado deberá superar o 75% dos créditos matriculados no curso académico anterior.
3. O alumnado poderá matricularse de calquera materia que se oferte como Formación Complementaria no programa de grao aberto da súa formación. Haberá un límite máximo de 15 créditos ECTS por cuadrimestre, sempre que se cumpra co establecido na normativa que regule o número de créditos dos que se pode matricular o alumnado en cada curso académico.
4. A matrícula das materias de Formación Complementaria realizarase despois da matrícula ordinaria na administración do centro onde se cursen os estudos de grao, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos e o respecto, no seu caso, aos criterios de prelación que se establezan.
5. As materias superadas no programa de grao aberto que non foran obxecto de recoñecemento no grao de destino, serán transferidas como Formación Complementaria.
6. A Formación Complementaria formará parte do expediente académico do alumnado, incluíndose nas certificacións académicas e no Suplemento Europeo ao Título (SET). Esta formación non será valorada para a obtención do título de grao de destino.
7. Expedirase un Diploma de Formación Complementaria en [*nome do programa*] ao estudantado que superase un mínimo de 36 créditos ECTS en graos diferentes ao grao de destino.
8. As cualificacións das materias do programa de Formación Complementaria non se considerarán aos efectos do cómputo da nota media.

| Código Seguro De Verificación | HRb/xruT/+czWxQmAcMEyw== | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por | Secretaría Xeral - Marta María García Pérez | Asinado | 07/06/2024 10:47:36 |
| Observacións | | Páxina | 4/5 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/HRb/xruT/+czWxQmAcMEyw== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |



Disposición adicional. Outra normativa de aplicación

Todos os aspectos académicos e administrativos relacionados con estes estudos que non estean recollidos nesta normativa regularanse pola Normativa de xestión Académica correspondente a cada curso académico e polas demais normativas da UDC que resulten de aplicación.

Disposición derogatoria

Queda derogada a Normativa específica para os programas de graos abertos na UDC, aprobada por Consello de Goberno na súa sesión do 22 de abril de 2020 e modificada por Consello de Goberno na súa sesión do 31 de marzo de 2022, así como aquelas outras disposicións de rango igual ou inferior que foren contrarias á presente normativa.

Disposición final primeira. Habilitación

Correspóndelle á vicerreitoría con competencias en titulacións a elaboración de instrucións de desenvolvemento deste regulamento, así como a interpretación da mesma que fose requirida para a súa aplicación.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Esta norma entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno e será publicada no Taboleiro electrónico de anuncios da Sede electrónica da Universidade, sendo de aplicación ás matrículas no grao aberto a partires do curso académico 2024/2025.

Diligencia para facer constar que o presente documento foi aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 05/06/2024
A secretaria xeral

| Código Seguro De Verificación | HRb/xruT/+czWxQmAcMEyw== | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por | Secretaría Xeral - Marta María García Pérez | Asinado | 07/06/2024 10:47:36 |
| Observacións | | Páxina | 5/5 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/HRb/xruT/+czWxQmAcMEyw== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

